

# ESTATUTOS DA FUNDACIÓN DOWN COMPOSTELA

(aprobados polo padroado da Fundación o 28 de outubro de 2020)

## TÍTULO PRIMEIRO DISPOSICIÓN XERAIS

### Artigo 1. Denominación e natureza

Ao abeiro do dereito recoñecido no artigo 34.1 da Constitución española, coa denominación de FUNDACIÓN DOWN COMPOSTELA constitúese unha organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cuxo patrimonio está afectado de modo duradeiro a realizar os fins de interese xeral que se establecen nestes estatutos.

### Artigo 2. Domicilio e ámbito de actuación

1. A fundación terá o seu domicilio en Santiago de Compostela (A Coruña), na rúa Alejandro Novo González, 1 (15706 Santiago de Compostela). O padroado poderá promover o cambio de domicilio na forma legalmente prevista.

2. A fundación desenvolverá as súas actividades principalmente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Para o mellor cumprimento dos seus fins, a fundación poderá establecer relacións instrumentais con terceiros en calquera ámbito territorial.

### Artigo 3. Personalidade e capacidade

A fundación terá personalidade xurídica desde a inscrición da escritura pública de constitución no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, que lle atribúe plena capacidade xurídica e de obrar, e poderá realizar, en consecuencia, todos aqueles actos que sexan necesarios para cumprir os seus fins fundacionais, con suxeición ao ordenamento xurídico.

### Artigo 4. Duración

A fundación constitúese por tempo indefinido. Porén, se for imposible realizar os seus fins, o padroado poderá acordar a extinción, de conformidade co disposto na lexislación vixente e nestes estatutos.

### Artigo 5. Réxime normativo

A fundación rexerese pola vontade fundacional expresada nestes estatutos, polas disposicións que en interpretación e desenvolvemento deles establezan o padroado e os seus órganos delegados e, en todo caso, pola Lei do Parlamento de Galicia 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego; polo Regulamento de fundacións de interese galego, aprobado polo Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro; polo Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Rexistro de Fundacións de Interese Galego; e polas demais normas que as desenvolvan ou substitúan.

Tamén se rexerá polas disposicións que lle sexan aplicables da lexislación estatal, en particular da Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións; da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, e do Regulamento para a aplicación do réxime fiscal das entidades sen fins

lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, aprobado polo Real decreto 1270/2003, do 10 de outubro, ou das normas que as substitúan; así como pola restante normativa que sexa de aplicación.

### **Artigo 6. Publicidade das actividades**

O padroado dará información suficiente dos fins e das actividades da fundación na súa sede electrónica, para cumprir o seu deber legal de publicidade.

## **TÍTULO SEGUNDO OBJECTO DA FUNDACIÓN**

### **Artigo 7. Fins**

1. A fundación ten por obxecto promover e realizar actividades que contribúan a mellorar as condicións e a calidade de vida das persoas con Síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, e a das súas familias.

2. Os valores que inspiran e orientan a actuación da fundación son os que sustentan a Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade de 13 de decembro de 2006, en concreto a defensa dos dereitos das persoas con Síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais para que desenvolvan unha vida digna, autónoma e independente, con plena inclusión familiar, escolar, social e laboral.

3. A fundación perseguirá os seus fins guiada polo respecto á diversidade e a solidariedade con outras discapacidades. Con este propósito, promoverá relacións con outras persoas e colectivos públicos ou privados con fins análogos aos seus propios, en particular coa Asociación Síndrome de Down de Compostela; e poderá federarse ou asociarse con outras entidades sen perder a súa personalidade propia, en particular na Federación Down Galicia.

### **Artigo 8. Actividades fundacionais**

1. A fundación pode realizar calquera actividade que directa ou indirectamente contribúa a conseguir os fins enunciados no artigo anterior, como as seguintes:

a) Promover a autonomía e a prevención da dependencia das persoas con Síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.

b) Promover e colaborar no deseño de programas de saúde para persoas con Síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, e de medidas que poidan contribuír a mellorar a súa saúde e potenciar o seu desenvolvemento integral e a vida en sociedade.

c) Promover e potenciar a realización de estudos ou investigacións en Medicina, Psicoloxía, Educación, Socioloxía, Dereito e demais áreas científicas, relacionados co coñecemento das causas e dos efectos da Síndrome de Down e de outras discapacidades.

d) Promover e financiar a edición e distribución de publicacións, a celebración de cursos, congresos e conferencias e a realización actividades tendentes a informar e a formar a familiares, titores e profesionais relacionados coas persoas con Síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais. En particular, promover ou realizar actividades relacionadas coa formación permanente do profesorado.

e) Realizar actividades de prevención e facilitar servizos de información, orientación e apoio ás familias nas que algún membro teña a Síndrome de Down ou outra discapacidade intelectual; e proporcionarlles ou facilitarlles o apoio formativo e psico-social necesario para

que poidan prever, detectar e corrixir situacións de desprotección e outras dificultades, e crear un entorno favorable á inclusión e á autonomía persoal; en especial por medio da formación e capacitación de quen tutelan, coidan ou conviven diariamente coas persoas con Síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.

f) Procurar que toda persoa con Síndrome de Down ou outra discapacidade intelectual reciba os servizos que precise, sen discriminación algunha por motivos económicos, sociais, políticos, relixiosos ou de calquera outra índole, incluídas as prestacións económicas, materiais e persoais que lles sexan imprescindibles, no seu caso axudándolle na relación coa Administración pública, persoa ou entidade que deba darlle dita prestación.

g) Promover a organización e prestación de servizos que poidan axudar a mellorar a asistencia, coidado, educación, desenvolvemento, formación, actividade laboral e aproveitamento do tempo libre das persoas con Síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, e que contribúan a mellorar a súa calidade de vida. En particular, impulsar e facilitar a atención temperá, os programas persoais de desenvolvemento psicomotriz e cognitivo, o reforzo educativo e a formación e apoio pre-laboral e laboral; así como facilitar no posible o aloxamento independente de acordo con criterios de oportunidade e de responsabilidade.

h) Educar e sensibilizar á sociedade na solidariedade e no respecto dos dereitos das persoas con discapacidade; e impulsar o coñecemento e o cumprimento da Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade.

i) Estudar e promover disposicións legais que melloren e aseguren os dereitos das persoas con Síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.

j) Fomentar políticas dirixidas a evitar e combater a discriminación das persoas con Síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais; e impulsar proxectos de inclusión familiar, escolar, laboral, social.

k) Impulsar medidas que corrixan as desvantaxes educativas e fomenten o emprego das persoas con Síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, e calquera outra que favoreza a igualdade real de oportunidades.

l) Censurar, e no seu caso denunciar, ás persoas, colectivos ou entidades, sexan de natureza privada ou pública, que vulneren ou poñan en risco os dereitos e intereses lexítimos das persoas con Síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.

m) Fomentar a promoción da muller con Síndrome de Down ou outra discapacidade intelectual en tódolos ámbitos.

n) Promover e organizar actividades de ocio e tempo libre dirixidas a mozos e mozas con Síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, que fomenten a súa participación e inclusión na sociedade, creando, no seu caso, unha sección xuvenil.

o) Proporcionar e impulsar accións de envellecemento activo e participación social das persoas maiores con Síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, servizos eficaces para mellorar a súa calidade de vida e medios de defensa dos seus dereitos.

p) Promover e fomentar a implicación e participación de voluntarios nas fins da fundación, coa elaboración no seu caso dun plan de voluntariado.

q) Representar ás persoas con Síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais en cuestións de interese xeral, a petición delas ou dos seus pais, nais, irmáns ou titores

legais, perante entidades privadas, institucións, organismos ou administracións de calquera ámbito.

r) Exercer a tutela de persoas con Síndrome de Down ou outras discapacidades intelectuais.

s) Participar en sociedades mercantís e desenvolver actividades económicas, coas limitacións e requisitos legais, en beneficio das persoas con Síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, xa sexa para financiar actuacións no seu interese ou para facilitar a súa formación laboral e emprego.

t) Colaborar e intercambiar información, experiencias e servizos con outras persoas ou entidades que realicen actividades tendentes a fins análogos.

### **Artigo 9. Prestación de servizos e liberdade de actuación**

1. A fundación favorecerá a prestación estable de servizos sociais comunitarios e o funcionamento dun centro integral de servizos de promoción da autonomía persoal en interese das persoas con Síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais. A fundación poderá desenvolver esta actuación por sí mesma ou en colaboración con outras entidades públicas ou privadas que compartan os seus mesmos fins.

2. O padroado terá plena liberdade para determinar as actividades da fundación que considere máis adecuadas en cada momento para perseguir os fins desta.

## **TÍTULO TERCEIRO**

### **REGRAS BÁSICAS PARA A APLICACIÓN DOS RECURSOS AOS FINES FUNDACIONAIS E PARA DETERMINAR OS BENEFICIARIOS**

#### **Artigo 10. Destino das rendas e ingresos**

1. A fundación destinará o seu patrimonio e as súas rendas a cumprir os fins fundacionais respectando as porcentaxes e os prazos esixidos legalmente. O resto, deducidos os gastos realizados para a súa obtención, deberase destinar a incrementar a dotación fundacional ou a reservas, segundo acordo adoptado polo padroado. Non se incluírán no cálculo dos ingresos as doazóns recibidas en concepto de dotación, nin as ganancias obtidas na transmisión de bens ou dereitos afectados á dotación fundacional, sempre que se reinvestan en bens dotacionais.

2. Os gastos de administración non poderán superar a porcentaxe fixada na lexislación vixente.

#### **Artigo 11. Beneficiarios**

1. Os fins e actuacións da fundación están dirixidos ás persoas con Síndrome de Down ou discapacidade intelectual e ás súas familias.

2. O padroado determinará os beneficiarios con criterios de imparcialidade e non discriminación, dando prioridade ás persoas coa Síndrome de Down se fose preciso limitar os servizos por razóns de calidade da prestación ou de recursos dispoñibles.

## **TÍTULO CUARTO**

### **ÓRGANOS DE GOBERNO E DE XESTIÓN DA FUNDACIÓN**

## **I – ÓRGANOS DE GOBERNO**

### **Artigo 12. O padroado**

O padroado é o órgano de goberno e de representación da fundación. Correspóndelle cumprir os fins fundacionais e administrar con dilixencia os bens e os dereitos que integran o patrimonio da fundación, con suxeición ao disposto no ordenamento xurídico e nestes estatutos.

### **Artigo 13. Composición**

1. O padroado estará composto por un mínimo de oito e un máximo de vinte membros. Procurarase que haxa equilibrio de mulleres e homes e a incorporación dalgunha persoa con Síndrome de Down ou outra discapacidade intelectual.

2. Entre oito e quince membros do padroado serán persoas físicas conforme ás seguintes regras:

a) A Asociación Síndrome de Down Compostela designará entre cinco e doce membros de entre a súa Xunta directiva.

b) O Concello de Santiago de Compostela designará un membro, que será o seu Alcalde ou un concelleiro.

c) A Universidade de Santiago de Compostela designará un membro, que será o seu reitor ou un vicerreitor.

d) A Cámara de Comercio, Industria, Navegación e Servizos de Santiago de Compostela designará un membro, que será o seu presidente ou un membro do órgano de goberno.

3. Un máximo de cinco persoas físicas ou xurídicas poderán ser designadas membros do padroado por acordo da maioría deste.

4. Polo menos o sesenta por cento dos membros do padroado deberán ser designados pola Asociación Síndrome de Down Compostela.

5. As persoas físicas membros do padroado deberán ter plena capacidade de obrar e non estar inhabilitadas para o exercicio de cargos públicos nin incorrer en causa de incompatibilidade. O cargo deberá exercerse persoalmente, pero poderá actuar no seu nome e representación outro patrón designado por el. Esta actuación será sempre para actos concretos e haberá de axustarse ás instrucións que, no seu caso, o representado formule por escrito.

6. As persoas xurídicas membros do padroado, de habelas, deberán designar a persoa física que as represente, de acordo coas súas normas de funcionamento. Esta designación deberán facela no prazo de tres meses desde o seu nomeamento.

### **Artigo 14. Duración do cargo de patrón**

1. As persoas físicas que sexan membros do padroado segundo o disposto no apartado 2 do artigo 13 desempeñarán as súas funcións indefinidamente desde que acepten o cargo ata que cesen conforme ao artigo 17.

2. O padroado renovará cada catro anos os membros do padroado que designe conforme ao apartado 3 do artigo 13. As persoas físicas ou xurídicas que sexan membros do padroado por dita designación desempeñarán as súas funcións ata dita renovación, e poderán ser reelixidas.

### **Artigo 15. Aceptación dos membros do padroado e inscrición no rexistro**

1. Os membros do padroado iniciarán a súa xestión despois de aceptaren o cargo perante o padroado acreditada por certificación expedida polo secretario co visto e praxe do presidente, ou nalgunha outra forma legalmente válida.
2. Os ceses e as incorporacións e aceptacións de membros do padroado comunicaranse formalmente ao protectorado da fundación para a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

### **Artigo 16. Carácter gratuíto do cargo de patrón**

Os patróns exercerán o seu cargo gratuitamente, sen prexuízo do dereito a que se lles reembolsen os gastos debidamente xustificados que lles ocasione o desempeño da súa función.

### **Artigo 17. Cesamento e suspensión dos membros do padroado**

1. O cesamento e suspensión dos membros do padroado producirase polas causas previstas na lei e polas regras especiais previstas neste artigo. Dito cesamento ou suspensión comunicaráse ao protectorado para a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.
2. As persoas físicas que sexan membros do padroado segundo o disposto no apartado 2 do artigo 13 perderán dita condición polo cese no cargo polo que foron designadas ou por decisión da entidade que as designou. Estas causas de cesamento terán eficacia en canto a presidencia da fundación reciba comunicación formal delas ou as coñeza por seren notorias.
3. As persoas físicas ou xurídicas que sexan membros do padroado segundo o disposto no apartado 3 do artigo 13 perderán dita condición cando se produza a renovación prevista no apartado 2 do artigo 14, agás que sexan reelixidas. No caso de persoas físicas designadas por razón do seu cargo, cesarán así mesmo como patróns cando cesen en dito cargo. Así mesmo, conforme ao apartado 6 do artigo 13, as persoas xurídicas cesarán como patróns se no prazo de tres meses desde o seu nomeamento non designan a persoa física que as represente.
4. Serán así mesmo causas de cesamento do cargo de patrón a imposibilidade de exercelo e o incumprimento grave ou reiterado das súas funcións. Estas causas deberán ser apreciadas expresamente pola maioría absoluta do padroado.

### **Artigo 18. Organización do padroado**

1. O padroado designará de entre os seus membros un presidente e un ou varios vicepresidentes. O presidente será elixido entre os membros do padroado que designados pola Asociación Síndrome de Down de Compostela, nos termos do artigo 13 destes Estatutos. Se fosen designados dous ou máis vicepresidentes, especificarase cun ordinal a súa respectiva prevalencia.
2. O padroado tamén designará un secretario, e poderá nomear un vicesecretario.
3. Así mesmo, o padroado poderá nomear un tesoureiro entre os seus membros.
4. O padroado poderá acordar constituír unha comisión executiva co número de membros do padroado que determine e coas funcións que lle delegue nos termos do artigo 23. O presidente deberá formar parte dela, así como os vicepresidentes e o tesoureiro, de habelos, e o secretario e o vicesecretario no caso de seren membros do padroado.

## **Artigo 19. A presidencia**

1. Ao presidente correspóndelle exercer a representación da fundación ante toda clase de persoas, autoridades e entidades públicas ou privadas; acordar a convocatoria das reunións do padroado; fixar a orde do día; presidir as reunións; dirixir e moderar os debates; someter a votación os acordos e, de ser o caso, dispoñer a execución dos acordos adoptados, para o cal poderá realizar toda clase de actos e asinar os documentos que sexan necesarios para tal fin

2. Son facultades do presidente, entre outras:

a) Operar en caixas oficiais, caixas de aforro e bancos, incluso o Banco de España, e nas súas sucursais, facendo canto a lexislación e prácticas bancarias permitan, tales como abrir, seguir, retirar fondos e cancelar contas e libretas de aforro, contas correntes e caixas de seguridade.

b) Xirar contra ditas contas por medio de cheques, talóns, cartas ou nas formas procedentes, así como facer transferencias con cargo e a favor delas.

c) Comprar, vender, cambiar e peñar valores e cobrar os seus réditos, dividendos e amortizacións.

d) Facer e recibir préstamos, concertar pólizas de crédito, en todas as súas modalidades, tales como para desconto, *factoring*, cesión de crédito ou outras análogas.

e) Ceder, peñar ou gravar en favor das entidades de crédito, como garantía de ditas operacións de préstamo ou crédito, calquera dereito de crédito ou subvención da fundación.

f) Contratar pólizas de arrendamento financeiro (*leasing* ou *renting*).

g) Solicitar e obter avais, incluso bancarios, pólizas de afianzamento ou de contragarantía e calquera outra que sexa de práctica común na banca.

h) Modificar, transferir, cancelar, retirar e constituír depósitos de efectivos ou valores, provisionais ou definitivos.

3. O presidente dispón de voto de calidade para resolver os empates que se poidan producir nas votacións das reunións do padroado.

## **Artigo 20. O vicepresidente ou vicepresidentes**

1. Corresponderalle ao vicepresidente ou vicepresidentes realizar as funcións do presidente nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade. Tamén poderá actuar en representación da fundación naqueles supostos en que así se determine por acordo do padroado. En caso de que haxa máis dun vicepresidente e sexa preciso establecer a prelación entre eles terá preferencia o designado con menor ordinal nos termos do artigo 18.

2. En caso de ausencia do presidente e do vicepresidente ou vicepresidentes, estes serán substituídos polo patrón de maior idade designado pola Asociación Síndrome de Down de Compostela nos termos do artigo 13.

## **Artigo 21. O secretario**

1. Son funcións do secretario:

a) Efectuar a convocatoria das reunións do padroado e da comisión executiva por orde da presidencia e realizar as correspondentes citacións aos membros do padroado.

b) Asistir ás reunións do padroado, con voz e voto se forma parte do padroado, ou só con voz en caso contrario.

c) Custodiar a documentación da fundación, redactar as actas correspondentes ás reunións do padroado e transcribilas ao correspondente libro de actas.

d) Expedir as certificacións co visto e praxe da presidencia, en relación cos acordos adoptados polo padroado.

e) Calquera outra inherente á súa condición de secretario, e aquelas que expresamente lle sexan atribuídas.

2. Nos supostos de vacante, ausencia, imposibilidade ou enfermidade, o secretario será substituído polo vicesecretario, de habelo, e en ausencia deste, polo membro do padroado que o presidente designe.

### **Artigo 22. O tesoureiro**

Son funcións do tesoureiro levar ou supervisar a contabilidade e a documentación económica da fundación, elaborar os orzamentos, presentar as contas anuais e expedir as certificacións e informes económicos que sexan necesarios, así como todas aquelas outras que expresamente lle sexan atribuídas.

### **Artigo 23. Facultades do padroado**

1. O padroado exercerá o goberno da fundación de conformidade coa lexislación vixente e a vontade dos fundadores manifestada nestes estatutos.

2. Serán facultades do padroado ademais das que lle atribúen a lexislación e os presentes estatutos, sen prexuízo de solicitar as autorizacións ao protectorado cando sexan precisas, as seguintes:

a) Exercer o goberno, a representación, a inspección, a vixilancia e a orientación da fundación, e resolver os incidentes que haxa no seu funcionamento.

b) Interpretar e desenvolver os presentes estatutos e facelos cumprir e, de ser o caso, adoptar acordos sobre a súa modificación cando sexan convenientes para os intereses da fundación e a mellor consecución dos seus fins.

c) Fixar as liñas xerais de funcionamento da entidade e de distribución e aplicación dos fondos dispoñibles entre as actividades da fundación.

d) Acordar a apertura e o peche dos seus centros, oficinas e delegacións

e) Nomear apoderados xerais ou especiais, outorgar poderes e revogalos.

f) Autorizar toda clase de actos e contratos de administración e disposición, con liberdade para establecer pactos e condicións e cos límites establecidos pola lexislación e por estes estatutos.

g) Aprobar o plan de actuación e as contas anuais que serán obxecto de presentación ao protectorado.

h) Contratar e despedir persoal, e fixar o contido da relación laboral.

i) Realizar todo tipo de actos e contratos de administración, disposición ou gravame sobre bens mobles e inmobles, con suxeición ás seguintes regras:

I. Nas alienacións a título oneroso de bens inmobles, será requisito previo a taxación pericial, e non poderán venderse por prezo inferior.



II. Os valores suxeitos a cotización oficial tampouco poderán venderse por prezo inferior ao da súa cotización.

III. A alienación de bens inmobles ou a constitución de gravames sobre eles deberá acordala a maioría absoluta dos membros do padroado, agás no caso das hipotecas constituídas en garantía do prezo aprazado, constituídas polos propios bens dos cales o prezo se aprace.

*j)* Solicitar e percibir toda clase de préstamos.

*k)* Transixir en cuestións litixiosas, xudiciais ou extraxudiciais, incluso mediante arbitraje de equidade.

*l)* Exercer en nome da fundación toda clase de accións ante xulgados e tribunais de calquera clase, grado e xurisdición, corporacións, entidades, organismos e dependencias administrativas. Así mesmo, seguir os procedementos e expedientes por tódolos seus trámites e incidentes, ata obter sentencias resolutorias firmes e a súa execución; opoñerse a eles e desistir deles e interpoñer recursos comúns e extraordinarios. Con este fin poderáselles conferir poder a procuradores e avogados, coas facultades usuais e as especiais que o caso requira, e revocar ditos poderes.

*m)* Ditar as súas propias normas de funcionamento interno, e establecer normas sobre designación, renovación ou revogación de membros e cargos, convocatoria de reunións e forma de celebralas e de adoptar acordos, e forma de levar os seus libros, especialmente o de actas.

*n)* Adoptar acordos sobre a transformación, extinción e liquidación da fundación nos casos previstos na lexislación vixente.

3. O padroado poderá delegar as súas facultades, con carácter temporal ou permanente, na comisión executiva descrita no artigo 18 ou nun ou máis patróns. Sen embargo, non poderán ser obxecto de delegación a aprobación das contas anuais e do plan de actuación; a modificación dos estatutos; o acordo de fusión, extinción ou liquidación da fundación; ou calquera outro acto que precise a autorización ou aprobación do protectorado.

#### **Artigo 24. Dereitos e deberes dos membros do padroado**

1. Na súa actuación, o padroado deberase axustar ao establecido na lexislación vixente e á vontade do fundador manifestada nestes estatutos.

2. Son dereitos dos membros do padroado, xunto cos demais que dispoña a lei:

*a)* Recibir a convocatoria coa orde do día e asistir ás reunións dos órganos de que formen parte.

*b)* Exercer o seu dereito de voto.

*c)* Obter a información precisa para o cumprimento das súas funcións.

3. Son obrigas dos membros do padroado, xunto coas demais que dispoña a lei:

*a)* Cumprir e facer cumprir fielmente os fins fundacionais.

*b)* Administrar os bens e dereitos que integran o patrimonio da fundación mantendo o seu rendemento, utilidade e produtividade segundo os criterios económico-financeiros dun bo xestor.

c) Asistir ás reunións do padroado e velar pola legalidade dos acordos que se adopten nelas.

### **Artigo 25. Responsabilidades dos patróns**

Os patróns responderán solidariamente fronte á fundación dos danos e perdas que causen por actos contrarios á lei ou aos estatutos ou polos realizados sen a dilixencia dun representante leal coa que deben desempeñar o cargo. Quedarán exentos de responsabilidade os que voten en contra do acordo e os que proben que descoñecían a súa existencia, se opuxeron a el ou fixeron todo o conveniente para evitar o dano, nos termos que dispoña a lei.

### **Artigo 26. Reunións do padroado**

1. O padroado reunirse, polo menos, dúas veces ao ano e tantas veces como sexa preciso para a boa marcha da fundación. Corresponde ao presidente ordenar a convocatoria das reunións, por propia iniciativa ou por petición das dúas terceiras partes dos membros do padroado.

2. A convocatoria expresará a orde do día, e o lugar, a data e a hora da reunión. Cursarase por escrito e farase chegar a cada un dos membros, polo menos, con nove días de anticipación á data da súa celebración, por calquera medio que permita deixar constancia da súa recepción.

3. Non será precisa convocatoria previa cando todos os membros do padroado estean presentes e acorden por unanimidade realizar a reunión e a súa orde do día.

4. As reunións poderán celebrarse telematicamente por videoconferencia ou por conferencia telefónica múltiple, cando así o dispoña o presidente na convocatoria. Para elo todos os membros do padroado deberán dispoñer dos medios necesarios para participar e o secretario deberá recoñecer a identidade dos concorrentes. As reunións telemáticas entenderanse celebradas na sede da Fundación.

### **Artigo 27. Formas de deliberar e adoptar acordos**

1. O padroado entenderanse validamente constituído cando concorran, presentes ou representados, na forma legalmente establecida, polo menos a metade máis un dos seus membros.

2. Os acordos adoptaranse por maioría dos asistentes e o voto do presidente será dirimente no caso de empate; e serán inmediatamente executivos. Non obstante, requirirase voto favorable de dúas terceiras partes dos asistentes á reunión, sempre que supoñan a maioría absoluta dos membros do padroado, para aprobar acordos sobre a reforma ou modificación dos estatutos, a disposición de bens a título gratuito, a fusión, a escisión ou a extinción da fundación.

3. Das reunións do padroado elaborará a acta o secretario, que deberá aprobarse na mesma ou na seguinte reunión. A fundación levará un libro de actas no que consten as aprobadas polo padroado e as demais que requira a lei.

## **II – ÓRGANOS DE ASESORAMENTO E XESTIÓN**

### **Artigo 28. Consellos asesores**

O padroado poderá crear consellos asesores, comisións de estudo e órganos similares con funcións de apoio e asesoramento para desenvolver mellor os fins fundacionais. A creación,

modificación e supresión destes órganos, así como a súa composición, serán notificadas ao protectorado para a súa inscrición no Rexistro de Fundacións.

### **Artigo 29. A dirección e a xerencia**

1. O padroado poderá encargarse a dirección técnica das actividades ordinarias da fundación, cos límites legais, a unha persoa física con competencias en materia de Síndrome de Down e discapacidade intelectual. A persoa directora da fundación actuará seguindo as instrucións que no seu caso aprobe o padroado e dará conta da súa actividade ao presidente.

2. Así mesmo, o padroado poderá encargarse a xerencia da actividade económica e administrativa e do persoal da fundación, cos límites legais, a unha persoa física ou xurídica. A xerencia desempeñase igualmente seguindo as instrucións que aprobe o padroado e dando conta da súa actividade ao presidente.

3. As persoas que vaian desempeñar os cargos aos que se refiren os apartados anteriores deberán ter solvencia técnica acreditada e recibirán unha remuneración axustada ás funcións desempeñadas. A súa designación e cesamento serán notificados ao protectorado para a súa inscrición no Rexistro de Fundacións.

## **TÍTULO QUINTO RÉXIME ECONÓMICO**

### **Artigo 30. Patrimonio fundacional**

1. O patrimonio da fundación está integrado por toda clase de bens, dereitos e obrigas susceptibles de valoración económica que integren a dotación, ou adquira con posterioridade á súa constitución, tanto se se afectan á dotación como se non. Uns e outros deberán figurar a nome da fundación, constar no seu inventario e inscribirse nos rexistros correspondentes cando sexan susceptibles de inscrición.

2. O padroado promoverá, baixo a súa responsabilidade, a inscrición a nome da fundación dos bens e dereitos que integran o seu patrimonio nos rexistros públicos correspondentes.

### **Artigo 31. Adscrición do patrimonio fundacional**

Os bens e dereitos que conforman o patrimonio, así como as rendas que produzan, quedarán vinculados ao cumprimento dos fins que a fundación persegue, nos termos establecidos na lexislación vixente e nos estatutos.

### **Artigo 32. Financiamento**

1. A fundación, para o desenvolvemento das súas actividades, financiarase cos recursos que proveñan do rendemento do seu patrimonio e, se for o caso, con aqueles procedentes das axudas, subvencións, doazóns, herdanzas ou legados que reciba de persoas ou entidades, tanto públicas como privadas.

2. A fundación poderá percibir cantidades derivadas de actividades e servizos prestados directamente aos seus beneficiarios nos termos legalmente previstos, e sempre que isto non desvirtúe o interese xeral que cumpre, non sexa contrario á vontade fundacional e non implique unha limitación inxustificada do ámbito dos seus posibles beneficiarios. Nas mesmas condicións de licitude e finalidade, poderá financiarse mediante actividades económicas de calquera índole, incluídas as mercantís.

### **Artigo 33. Réxime contable**

1. Na xestión económico-financeira, a fundación rexerese de acordo cos principios e criterios xerais determinados na normativa vixente.
2. O exercicio económico da fundación coincidirá co ano natural.

### **Artigo 34. Plan de actuación**

O padroado aprobará e remitirá ao protectorado nos últimos tres meses de cada exercicio, acompañado da certificación de aprobación, un plan de actuación que conteña os obxectivos e as actividades que teña previsto desenvolver no exercicio seguinte, unha previsión de ingresos e gastos e unha memoria explicativa do plan.

### **Artigo 35. Contas anuais**

1. A fundación levará unha contabilidade ordenada e axeitada á súa actividade, que permita un seguimento cronolóxico das operacións realizadas. Para iso levará un libro diario e un libro de inventarios e contas anuais.
2. As contas anuais comprenden o balance de situación, a conta de resultados e unha memoria. Estes documentos forman unha unidade; mostrarán a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da fundación; e serán elaborados seguindo os modelos, as normas e os criterios establecidos na adaptación sectorial do Plan xeral de contabilidade para as entidades sen fins lucrativos.
3. As contas anuais as formulará o tesoureiro, ou de non habelo o presidente, deberán ser aprobadas polo padroado no prazo de seis meses seguintes ao peche do exercicio económico e presentaranse ao protectorado no prazo de vinte días hábiles desde a súa aprobación, coas formalidades e os documentos preceptivos.
4. As contas serán sometidas a auditoría externa cando así o decida o padroado, e en todo caso cando sexa legalmente requirido. O resultado da auditoría será comunicado ao protectorado.

## **TÍTULO SEXTO**

### ***DA MODIFICACIÓN, FUSIÓN, ESCISIÓN OU EXTINCIÓN***

#### **Artigo 36. Modificación dos estatutos**

1. Por acordo do padroado poderán ser modificados os presentes estatutos cando resulte conveniente polo interese da fundación e cando as circunstancias que presidiron a constitución da Fundación teñan variado de tal maneira que esta non poida actuar satisfactoriamente de conformidade cos estatutos en vigor.
2. Para adoptar acordos de modificación distintos dos esixidos pola lei será necesario o voto favorable das dúas terceiras partes dos asistentes á reunión que os debata, sempre que supoñan a maioría absoluta dos membros do padroado.
3. As modificacións dos estatutos acordadas polo padroado serán comunicadas ao protectorado para a súa inscrición no Rexistro de Fundacións, e deberán ser formalizadas en escritura pública.

### **Artigo 37. Fusión e/ou escisión**

A fundación poderase fusionar con outra ou outras, logo do acordo dos respectivos padroados. Igualmente, o padroado poderá aprobar a escisión de parte da Fundación nos termos e cos requisitos legalmente establecidos. En ambos casos o acordo requirirá a aprobación de dúas terceiras partes dos asistentes á reunión no que se adopte, sempre que supoñan a maioría absoluta dos membros do padroado. Os acordos de fusión e de escisión deberán comunicarse ao protectorado para que os avalíe, e outorgarse en escritura pública.

### **Artigo 38. Extinción da fundación**

A fundación extinguirase polas causas legal e estatutariamente establecidas e conforme aos procedementos previstos na normativa aplicable. Cando a extinción precise acordo do padroado, requirirá a aprobación de dúas terceiras partes dos asistentes á reunión na que se acorde, sempre que supoña a maioría absoluta dos membros do padroado; e dito acordo deberá ser ratificado polo protectorado.

### **Artigo 39. Liquidación e adxudicación**

1. A extinción da fundación determinará a apertura do procedemento de liquidación, que será realizada polo padroado baixo o control do protectorado.

2. Os bens e dereitos resultantes da liquidación destinaranse a fundacións ou a entidades non lucrativas privadas que reúnan os requisitos para ser beneficiarias do mecenado aos efectos dos artigos 16 a 25, ambos inclusive, da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, ou a entidades públicas, que persigan fins de interese xeral, preferentemente no ámbito da discapacidade, desenvolvan a súas actividades principalmente en Galicia e teñan afectados os seus bens, incluso para o suposto de disolución, á consecución de tales fins.

3. Corresponde ao padroado designar as entidades receptoras destes bens, de acordo co establecido na lexislación vixente, dando preferencia de ser o caso á Asociación Síndrome de Down de Compostela.

### **CLÁUSULA ADICIONAL**

Estes estatutos interpretaranse en concordancia coa normativa sectorial, que será aplicable tamén no non previsto neles; e o seu contido non implica limitación ou substitución das competencias que a lexislación vixente atribúe ao protectorado.

o